

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

Viaxeiros

10/01/2024

16:15 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. O condutor dun autobús está obrigado a:

- a) efectuar durante a condución accións coas que distraerse para evitar durmirse.
- b) prever actividades para entreter aos pasaxeiros.
- c) velar pola seguridade dos pasaxeiros.
- d) Todas as respostas son correctas.

2. O nó da rede viaria no que todos as cruces de traxectorias posibles dos vehículos que o utilizan se realizan a nivel, como se denomina?

- a) Plataforma.
- b) Intersección.
- c) Bifurcación.
- d) Travesía.

3. Que tipo de dificultades experimentan, sobre todo, no transporte en autobús as persoas con limitacións auditivas?

- a) Dificultades para salvar desniveis.
- b) Dificultades de manobra.
- c) Dificultades de obtención de información sonora.
- d) Dificultades de orientación.

4. Nunha empresa de transporte de viaxeiros, a elaboración das nóminas é función propia do:

- a) xefe de tráfico.
- b) administrativo.
- c) xerente.
- d) condutor.

5. O capital social dunha sociedade anónima non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 40.000 euros.
- c) 50.000 euros.
- d) 60.000 euros.

6. Nun autobús, o deslizamento dun pneumático pode darse:

- a) por aceleración, unicamente.
- b) por freada, unicamente.
- c) por aceleración ou por freada.
- d) en calquera circunstancia.

7. Unha autoestrada:

- a) pode permitir o acceso á mesma desde as propiedades lindeiras.
- b) debe constar de distintas calzadas para cada sentido de circulación, separadas entre si.
- c) pode cruzar a nivel unha liña de ferrocarril, salvo que sexa do AVE.
- d) pode cruzar a nivel unha liña de tranvía.

8. Na folla de ruta prevista no Acordo INTERBUS

- a) non deben figurar os nomes dos viaxeiros.
- b) cando viaxen familias, só debe figurar o nome do cabeza de familia.
- c) deben figurar o nome dos viaxeiros que sexan nacionais dun país fóra da Unión Europea.
- d) debe figurar o nome de todos os viaxeiros.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. De que circunstancia depende a distancia de freado?

- a) Soamente do estado da calzada.
- b) Soamente dos freos.
- c) Soamente da pericia do condutor.
- d) Do estado da calzada, os pneumáticos, os freos, a velocidade e a pericia do condutor.

10. Que forzas se representan nos eixos do chamado círculo de Kamm?

- a) Forzas de atracción terrestre.
- b) Forzas de gravidade.
- c) Forzas lonxitudinais, con aceleracións e desaceleracións.
- d) Forzas atemporais.

11. Que departamento é infrecuente no organigrama dunha empresa grande de transporte de viaxeiros?

- a) De Persoal
- b) De Tráfico.
- c) Comercial.
- d) De Investimento.

12. Cando se prevexan elevadas intensidades de tráfico, a que vehículos se lles pode restrinxir a circulación en determinados itinerarios?

- a) Aos vehículos cunha MMA menor de 3.500 kg.
- b) Aos camións cunha MMA maior de 3.500 kg.
- c) Ás motocicletas.
- d) Aos taxis.

13. Ao realizar un xiro pechado, está permitido complementar a sinalización correspondente cun sinal realizado coa man?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Soamente cando os intermitentes funcionen.
- c) Soamente en vías urbanas.
- d) Si, para evitar riscos con outros usuarios.

14. Se, durante o desenvolvemento dun transporte discrecional de viaxeiros se produce un accidente, quen é responsable dos danos nas equipaxes?

- a) O responsable do accidente a través da súa compañía de seguros.
- b) O Consorcio de Compensación de Seguros.
- c) O transportista.
- d) O transportista, pero só se se proba dolo ou neglixencia pola súa banda.

15. Entre as forzas que interveñen no movemento dun autobús, como se denomina a forza da atracción terrestre?

- a) Forza motriz.
- b) Forza de freado.
- c) Forza de gravidade.
- d) Forza de guiado lateral.

16. Nunha empresa de transportes, que nome recibe a persoa encargada de xestionar, organizar e archivar toda a documentación da empresa?

- a) Xerente.
- b) Comercial.
- c) Administrativo.
- d) Condutor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. Cales son os requisitos necesarios para o outorgamento de autorización de transporte público de viaxeiros en autobús?

- a) Ser persoa física ou, noutro caso, ter personalidade xurídica propia e independente das persoas que a integran.
- b) Cumprir as obrigacións principais de carácter fiscal, podendo incumprir algunhas menos relevantes.
- c) Cumprir as obrigacións de carácter laboral exclusivamente.
- d) Cumprir as obrigacións de carácter social exclusivamente.

18. Considérase transporte internacional de viaxeiros en autobús aquel cuxo itinerario discorre:

- a) totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- b) polo menos parcialmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) polo menos parcialmente polo territorio de dous Estados estranxeiros.
- d) polo menos parcialmente polo territorio de tres Estados estranxeiros.

19. Cada vez que se realiza un cambio durante a subida dunha pendente, existe un instante no que o autobús perde potencia. En que se traducen estas perdas de potencia?

- a) Nunha diminución da temperatura.
- b) Nunha redución de velocidade.
- c) Nun aumento da resistencia de rozamento.
- d) Esta acción non ten ningún tipo de consecuencia.

20. A calzada é a parte da estrada:

- a) dedicada ao uso exclusivo de automóbiles.
- b) non dedicada ao uso de vehículos.
- c) dedicada á circulación de vehículos, que se compón dun certo número de carrís.
- d) dedicada ao uso de vehículos, que se compón dun certo número de beiravías.

21. Que capacidade financeira se require acreditar para obter autorización de transporte público de viaxeiros en autobús?

- a) 5.000 euros por cada vehículo utilizado.
- b) 9.000 euros por cada vehículo utilizado.
- c) 9.000 euros polo primeiro vehículo e 5.000 máis por cada vehículo adicional utilizado.
- d) 5.000 euros polo primeiro vehículo e 9.000 máis por cada vehículo adicional utilizado.

22. A que se considera transporte regular?

- a) Ao que se efectúa con diferente itinerario e sen suxeición a calendarios.
- b) Ao que se efectúa cun mesmo itinerario e sen suxeición a calendarios e horarios.
- c) Ao que se efectúa reiteradamente cun mesmo itinerario, previamente establecido, e con suxeición a calendarios e horarios tamén prefijados de antemán.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

23. Cal dos seguintes factores pode facer variar o grao de rozamento?

- a) O estado e superficie das zapatas.
- b) A distancia da freada.
- c) O peso do autobús.
- d) A velocidade de transferencia de masas.

24. A sobrecarga dos eixos dun autobús

- a) pode ter efectos negativos ao controlar a velocidade.
- b) acrecenta o efecto positivo dunha pendente ascendente.
- c) fai que o centro de gravidade sexa máis estable.
- d) axuda a controlar a velocidade durante unha pendente descendente prolongada.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Como será o prezo dos servizos regulares de uso especial?

- a) Librementemente pactado entre as partes.
- b) Suxeito a tarifas obrigatorias máximas.
- c) Suxeito a prezo determinado no momento da autorización do servizo.
- d) Suxeito a tarifas en horquilla.

26. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión, causada polo mantemento prolongado de posturas forzadas, é a máis frecuente?

- a) Lumbalxias, cervicalxias e todo tipo de molestias nas costas.
- b) Roturas ou fisuras de ósos.
- c) Mazaduras.
- d) Hematomas.

27. Co fin de permitir a libre circulación de persoas entre os países signatarios do Acordo de Schengen, sen perturbar a orde pública:

- a) adoptouse a obrigación do visado e control en todas as fronteiras interiores.
- b) adoptáronse algunhas normas comúns nas fronteiras externas (visado, dereito de asilo e control).
- c) Non poden suprimirse os controis nas fronteiras interiores.
- d) A libre circulación de persoas non ten nada que ver con ese tratado.

28. A presión de inflado do pneumático, inflúe no consumo do vehículo?

- a) Si, xa que, se a presión é baixa, aumenta o consumo.
- b) Si, xa que, se a presión é baixa, diminúe o consumo.
- c) Non, a presión de inflado só inflúe na adherencia.
- d) Non, a presión de inflado só inflúe no efecto amortecedor.

29. Como rexistra as actividades o tacógrafo analóxico no caso de que participen dous condutores na condución?

- a) A cada condutor no seu disco.
- b) Aos dous no mesmo disco e despois eles, a man, teñen que marcar cada un as súas.
- c) Só rexistra as actividades dun deles.
- d) No mesmo disco, unhas no anverso e outras no reverso.

30. En caso de auxiliar nun accidente de tráfico:

- a) non se debe mover nunca aos feridos.
- b) evitárase mover aos feridos, salvo que estean expostos a un perigo maior.
- c) trasladarase aos feridos sempre fose do vehículo accidentado para que poidan ser atendidos mellor.
- d) trasladarase aos feridos sempre fóra da calzada.

31. Cal é a carga útil dun autobús que dispón dunha Masa Máxima Autorizada de 25.000 kg e dunha tara de 15.000 kg?

- a) 25.000 kg.
- b) 15.000 kg.
- c) 10.000 kg.
- d) 7.500 kg.

32. Como afecta á estabilidade do autobús o correcto uso do freo de servizo?

- a) Aumentando a distancia de freado.
- b) Diminuíndo a eficacia de freado.
- c) Evitando o desprazamento excesivo dos pasaxeiros ou da equipaxe.
- d) Evitando o desprazamento excesivo so dos pasaxeiros.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. O disco-diagrama ou folla de rexistro debe manterse inserido no tacógrafo analóxico durante:

- a) un mes obrigatoriamente.
- b) o tempo que dure a xornada do condutor.
- c) o tempo que o condutor estime oportuno.
- d) polo menos 48 horas.

34. O sistema de suspensión dun autobús:

- a) ten influencia sobre a súa estabilidade.
- b) non ten influencia no desprazamento dos pasaxeiros ou das súas equipaxes.
- c) ten influencia sobre o mantemento da presión dos pneumáticos.
- d) non ten influencia sobre a confortabilidade dos pasaxeiros.

35. Os mareos e os desmaios poden provir de:

- a) durmir máis de oito horas.
- b) respectar os tempos de condución e descanso.
- c) unha mala alimentación.
- d) levar correctamente ventilado o vehículo.

36. Que consecuencias provoca no condutor un exceso de sinais no posto de condución?

- a) Alivia a atención do condutor.
- b) Incrementa a fatiga.
- c) Contribúe á distracción da estrada.
- d) As respostas B e C son correctas.

37. Ao dispositivo antibloqueo de freos tamén se lle chama:

- a) ABS.
- b) ESP.
- c) ADR.
- d) BAS.

38. En que vehículos é obrigatorio o uso de tacógrafo na Unión Europea?

- a) Só nos matriculados nos 12 países que se integraron primeiro.
- b) Só nos matriculados nos 18 países máis antigos.
- c) Nos matriculados en calquera dos Estados da Unión Europea.
- d) Nos matriculados en calquera Estado da Unión Europea, excepto Romanía e Bulgaria.

39. Que é o par máximo dun motor?

- a) É o maior número de revolucións ás que pode virar.
- b) É a potencia máxima dun motor.
- c) É a máxima velocidade que pode chegar a producir.
- d) É o máximo esforzo que transmite o pistón sobre o cigüeñal.

40. Un condutor que leva acumuladas 50 horas de condución nunha semana, cantas horas máis pode facer esa semana, segundo a regulamentación social europea?

- a) 10 horas máis.
- b) 2 horas máis.
- c) 6 horas máis.
- d) Todas as que queira.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. En que momento da condución se require unha maior concentración?

- a) En condicións meteorolóxicas favorables.
- b) Ao saír do garaxe.
- c) En adiantamentos en autovías.
- d) En condicións meteorolóxicas desfavorables.

42. Respecto ao uso dos freos como elemento de seguridade activa, como se debe utilizar o freo de servizo?

- a) Exeracer presión ao comezo da freada e diminuíla progresivamente, segundo se reduza a velocidade do vehículo
- b) Presión suave e mantida.
- c) Premendo suave ao principio, aumentando a presión progresivamente.
- d) Premendo progresivamente ao principio e forte ao final.

43. Que sistema de freado actúa sobre a árbore de transmisión á saída do eixo secundario da caixa de velocidades?

- a) As pastillas de freo.
- b) As zapatas de freo.
- c) O freo eléctrico.
- d) O freo de estacionamento.

44. A utilización do freo eléctrico

- a) limitarase ao imprescindible xa que deteriora rapidamente os elementos freantes.
- b) limitarase ao imprescindible xa que deteriora a transmisión.
- c) utilizarase sempre despois do freo de servizo.
- d) evita o fenómeno "fading".

45. Nun accidente no que se atopa implicado un vehículo pesado ou un autobús, como serán as consecuencias, xeralmente?

- a) Igual que se se tratou dun turismo.
- b) Máis graves que se se tratou dun turismo.
- c) Menos graves que se se tratou dun turismo.
- d) Non haberá ningunha consecuencia negativa, xa que estes vehículos están dotados de moitas medidas de seguridade.

46. Que tipo de equipo de protección individual son os chalecos termóxicos?

- a) Protectores do tronco.
- b) Protectores de pés e pernas.
- c) Protectores dos ollos e da cara.
- d) Protectores das vías respiratorias.

47. Cando un motor funciona ao máximo de revolucións en comparación co mesmo motor funcionando a un réxime medio de revolucións:

- a) o par motor é maior.
- b) o par motor é menor.
- c) o par motor non varía.
- d) o consumo non varía.

48. Respecto do cliente dunha empresa de servizos pódese dicir que:

- a) a súa percepción da calidade do servizo é moi relevante para a empresa.
- b) é o propósito do traballo da empresa, non un problema.
- c) a empresa depende del.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. O consumo de alcol pode provocar alteración no tempo de reacción e na atención?

- a) Non.
- b) Soamente inflúe no tempo de reacción.
- c) Soamente inflúe na atención.
- d) Si.

50. Para garantir unha circulación segura, será necesario:

- a) observar a contorna, advertir as manobras e executalas con precisión.
- b) manter unha reducida distancia de seguridade co vehículo precedente.
- c) observar as manobras e advertir á contorna.
- d) manter unha velocidade de cruceiro estable.

51. Canto maior sexa o peso do autobús?

- a) menor será o rozamento e menor será a forza necesaria para mantelo en movemento.
- b) maior será o rozamento e menor será a forza necesaria para mantelo en movemento.
- c) maior será o rozamento e maior será a forza necesaria para mantelo en movemento.
- d) menor será o rozamento e maior será a forza necesaria para mantelo en movemento.

52. Que é aconsellable durante o trazado dunha curva?

- a) Acelerar progresivamente desde o principio.
- b) Frear suavemente ao final.
- c) Manter unha velocidade constante.
- d) Frear inmediatamente antes de tomar a curva.

53. Que acción non afecta á capacidade de atención do condutor durante a prestación do servizo?

- a) Facer comidas copiosas.
- b) Atender a emisora.
- c) Descansar menos do necesario.
- d) Non consumir alcol.

54. As medidas preventivas que deben tomarse á hora de conducir con choiva son:

- a) frear de maneira brusca.
- b) aumentar a velocidade á hora de pasar os charcos.
- c) non utilizar nunca a luz antinéboa con choiva moi intensa.
- d) aumentar a distancia de seguridade.

55. Na secuencia dun accidente, en que fase o accidente devén inevitable e materialízase en forma de colisión?

- a) A fase de decisión.
- b) A fase de reacción.
- c) A fase de impacto.
- d) A fase de percepción.

56. A gravidade dos accidentes incrementase ao existir a posibilidade de colisión en cadea a causa:

- a) da néboa.
- b) do xeo.
- c) da choiva.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Cal dos seguintes estilos de condución é inadecuado para o aforro de carburante?

- a) Utilizar o freo do motor en lugar dos freos convencionais.
- b) Actuar sabendo que o vehículo consome máis a baixas revolucións.
- c) Ao arrincar, esperar uns instantes antes de iniciar a marcha se o seu vehículo é diésel.
- d) Actuar sabendo que o vehículo consome menos nas marchas longas.

58. Cando debe almacenarse a información das tarxetas de condutor?

- a) Ao abandonar a empresa.
- b) Todas as semanas.
- c) Todos os días ao final da xornada.
- d) As respostas A e B son correctas.

59. Onde ten validez o certificado de aptitude profesional dos condutores?

- a) Só nos países onde teña sede a empresa.
- b) Só no país de residencia do condutor.
- c) En todo o mundo.
- d) En todo o territorio da Unión Europea.

60. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Pedir ao motor máis potencia.
- b) Pedir ao motor menos potencia.
- c) Circular sempre en marchas curtas.
- d) Abrir os portelos para que circule o aire libremente.

61. Para garantir unha freada eficaz, onde debe situarse o centro de gravidade do vehículo?

- a) O máis baixo posible.
- b) O máis alto posible.
- c) O máis preto que sexa posible das rodas dianteiras.
- d) O máis preto que sexa posible das rodas traseiras.

62. Ao estar en movemento, o vehículo leva asociada unha enerxía, chamada inercia dinámica, que está en función da

- a) súa masa e velocidade.
- b) a altura do vehículo.
- c) a lonxitude do vehículo.
- d) a súa capacidade de freada.

63. Un condutor que conduce un total de 110 horas en dúas semanas consecutivas, comete algunha infracción?

- a) Si, leve.
- b) Si, moi grave.
- c) Non, ningunha.
- d) Si, grave.

64. Entre outras cousas, que sucede cando se incrementa a resistencia á rodadura nun pneumático?

- a) Redúcese a presión de inflado.
- b) Increméntase a aceleración.
- c) Aumenta o consumo de carburante.
- d) O estrangulador do aire non funciona.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. Facendo unha conducción económica, mellórase a seguridade da circulación?

- a) Non, só se consegue reducir a factura enerxética do país.
- b) Non, aínda que a emisión de contaminantes é menor.
- c) Si, xa que algunhas das técnicas que se utilizan para iso melloran a seguridade.
- d) Non, iso só se consegue coa experiencia na conducción.

66. O consumo específico dun motor diésel é:

- a) maior que o dun motor de gasolina.
- b) igual que o dun motor de gasolina.
- c) menor que o dun motor de gasolina.
- d) menor canto maior sexa o número de revolucións.

67. Para evitar un posible fallo de freos por quecemento, en baixadas pronunciadas, é conveniente:

- a) seleccionar unha relación de marchas máis longa.
- b) utilizar primeiro os freos convencionais e máis tarde os ralentizadores.
- c) poñer a panca do cambio en punto morto.
- d) utilizar o ralentizador antes que o freo de servizo.

68. Que factor non ten influencia no consumo de carburante?

- a) O motor de arranque.
- b) A presión dos pneumáticos.
- c) O perfil da estrada.
- d) A posición do pedal do acelerador.

69. Pódense tomar datos das testemuñas na declaración amigable de accidente?

- a) Si.
- b) Non, salvo que haxa feridos.
- c) Non, salvo que o ordene un axente das Forzas de Seguridade que teña encomendada a vixilancia do tráfico.
- d) Non, en ningún caso.

70. Conducir na zona de revolucións de maior par motor, é conveniente como medida de aforro de carburante?

- a) Si, porque nesa zona o consumo é menor.
- b) Non, porque nesa zona o consumo é maior.
- c) Esta circunstancia non inflúe no consumo, só inflúe na potencia.
- d) Esta circunstancia non inflúe no consumo, só inflúe na aceleración.

71. Que repercusión ten o alcol na conducción?

- a) Aumenta a capacidade de reacción.
- b) Diminúe a distancia de freada.
- c) Aumenta a seguridade.
- d) Fai aparecer o cansazo con bastante rapidez.

72. Na declaración amigable de accidentes, débese facer constar o lugar do accidente?

- a) Si.
- b) Só cando sucedese nunha vía urbana.
- c) Só cando sucedese nunha vía interurbana.
- d) Só cando sucedese dentro de España.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. As descargas eléctricas en traballadores do sector do transporte poden vir derivadas de:

- a) conexións inadecuadas.
- b) cables e enchufes defectuosos.
- c) contacto da carga do vehículo con tendidos eléctricos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

74. A quen corresponde a vixilancia dos vultos de man no interior dun autobús?

- a) Ao viaxeiro, exclusivamente.
- b) Ao viaxeiro e ao condutor, indistintamente.
- c) Ao condutor, exclusivamente.
- d) Ao transportista.

75. A quen causan un prexuízo económico os accidentes laborais?

- a) Ao traballador.
- b) Á empresa do traballador.
- c) Ao conxunto da sociedade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

76. En que momento as rodas non son capaces de desalojar a auga que se acumula diante delas?

- a) Cando os pneumáticos teñen o seu debuxo por baixo de 2 milímetros de profundidade.
- b) Cando a presión é inferior á recomendada.
- c) Cando a velocidade de circulación é maior á de evacuación de auga.
- d) Cando a velocidade de circulación é menor á de evacuación de auga.

77. A aceleración dun autobús pode ser:

- a) positiva, se se aumenta a velocidade, ou negativa, se se diminúe.
- b) positiva soamente.
- c) positiva, só o vehículo alcanza a máxima velocidade.
- d) negativa soamente.

78. Para aproveitar mellor o carburante que consome o motor dun automóbil é importante coñecer as resistencias que interveñen no movemento dos vehículos. Das que se citan a continuación, cal delas intervéñen?

- a) A resistencia da caixa de velocidades.
- b) A resistencia aerodinámica.
- c) A resistencia do movemento dos pistóns.
- d) A resistencia do cigüeñal.

79. De que falamos ao referirnos á desmultiplicación dunha caixa de cambios?

- a) Ao número de velocidades.
- b) Ás revolucións do motor en relación co consumo.
- c) Á relación entre as engrenaxes que conectan a velocidade de xiro do motor e as rodas.
- d) Do total de piñóns que compoñen cada marcha.

80. Sinala a afirmación correcta:

- a) Nas pequenas empresas é máis frecuente que nas grandes que o condutor deba realizar outras funcións diferentes.
- b) Nas pequenas empresas é menos frecuente que nas grandes que o condutor deba realizar outras funcións diferentes.
- c) No feito de verse obrigado a realizar outras funcións diferentes, non inflúe o tamaño da empresa.
- d) O condutor nunca realiza outras tarefas diferentes ás propias do seu posto.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Cal das seguintes é unha tecnoloxía de batería de vehículo eléctrico?

- a) Cadmio.
- b) Chumbo.
- c) Sodio
- d) Zinc.

82. Dentro dos Sistemas de Transporte Intelixente atópanse os denominados V2V, cal é a súa funcionalidade característica?

- a) Incrementar a seguridade nos túneles.
- b) Calcular a velocidade media en determinados tramos de estrada.
- c) Dar información sobre os servizos aos usuarios do transporte público.
- d) Establecer comunicación entre dous vehículos.

83. Entre outras, que característica vai definir no contarrevolucións dun automóbil a zona económica do motor?

- a) A carreira do pistón.
- b) A potencia.
- c) O tamaño do volante de inercia.
- d) O material do que está fabricado o motor.

84. Os elementos de seguridade activa máis destacados nos vehículos son:

- a) as rodas e os freos.
- b) as rodas dianteiras.
- c) os repousacabezas.
- d) os cintos de seguridade.

85. Cal é a principal consecuencia que ten a néboa na conducción?

- a) A formación de zonas asolagadas.
- b) A perda de visibilidade.
- c) O aquaplaning.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

86. O consumo específico dun motor, indica como é o seu rendemento?

- a) Non, só indica a cantidade de litros que consome cada 100 quilómetros.
- b) Non, só indica como é o seu par motor.
- c) Si, a maior consumo específico maior rendemento do motor.
- d) Si, a maior consumo específico menor rendemento do motor.

87. Cara a onde se despraza parte do peso do vehículo e os pasaxeiros do autobús ao frear?

- a) Cara ao eixo traseiro.
- b) Cara ao eixo dianteiro.
- c) Cara arriba.
- d) O peso do vehículo e os pasaxeiros do autobús non sofren ningún desprazamento ao frear.

88. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O par motor máximo.
- b) O consumo específico.
- c) A potencia.
- d) A lonxitude do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Un motivo de posibles problemas de saúde que está asociado á actividade de transporte é:

- a) a necesidade de permanecer moito tempo sentado e inmovilizado.
- b) a alteración dos horarios de comida.
- c) a alteración do ritmo de soño.
- d) Todas as respostas son correctas.

90. O funcionamento do sistema de refrixeración dun motor, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Non, só inflúe na posible deterioración mecánica.
- c) Non, só inflúe na temperatura de funcionamento.
- d) Só se se trata de vehículos lixeiros.

91. Para non aumentar o consumo de carburante, unha vez arrincado un motor diésel, deberase:

- a) dar aceleracións para que o motor se quente antes.
- b) iniciar a marcha inmediatamente.
- c) esperar co motor arrincado e ao ralentí e non iniciar a marcha ata que o motor alcance a temperatura óptima de funcionamento.
- d) esperar a que o circuíto pneumático teña presión suficiente e iniciar a marcha inmediatamente despois.

92. Nos accidentes de traballo do sector transporte, que lesión, causada polo quecemento do motor, é máis frecuente?

- a) Mazaduras.
- b) Fractura de ósos.
- c) Luxacións.
- d) Queimaduras, asfixia.

93. Cal é o factor que máis inflúe na imaxe de marca dunha empresa de transporte?

- a) A calidade dos seus servizos.
- b) A celeridade dos seus servizos.
- c) A legalidade.
- d) A puntualidade.

94. Respecto dos pneumáticos dun autobús, é o mesmo a deriva que a perda de adherencia?

- a) Si, pero só en superficies secas.
- b) Si, pero só en pendentes.
- c) Non.
- d) Si, porque a falta de adherencia pode provocar unha derrapaxe.

95. En cal das seguintes situacións de emerxencia será máis necesaria a evacuación dos ocupantes do vehículo xeralmente?

- a) En caso de incendio ou ameaza de incendio no vehículo.
- b) En caso de avaría no motor.
- c) En caso de rotura de cristais do vehículo.
- d) Se o vehículo quedou detido na calzada.

96. Para conseguir un aproveitamento eficiente do carburante dun automóbil débese circular:

- a) utilizando, na medida do posible, as marchas máis curtas.
- b) a unha velocidade uniforme, evitando as freadas e os aceleróns.
- c) variando continuamente a velocidade, para que non se fatigue o motor.
- d) utilizando sempre a primeira relación de marchas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o autobús:

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

98. Un condutor que conduce nunha semana 52 horas, cantas horas pode conducir, como máximo, a semana seguinte, segundo a regulamentación social europea?

- a) 38 horas.
- b) 28 horas.
- c) 18 horas.
- d) 8 horas.

99. Cales das seguintes medidas de prevención de riscos laborais son obrigación do empresario?

- a) Utilizar as ferramentas con precaución.
- b) Adoptar medidas de protección.
- c) Respetar os métodos de traballo.
- d) Utilizar os equipos de protección.

100. Como debe ser a base do asento do condutor?

- a) Acorde co peso dos brazos.
- b) Non terá en conta a anchura das cadeiras.
- c) Terá a anchura suficiente para acomodar os ombreiros.
- d) Conforme coa lonxitude das pernas.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Que lonxitude debe ter a zona especial habilitada nun autobús para cada usuario de cadeira de rodas?

- a) 1.100 mm.
- b) 1.200 mm.
- c) 1.300 mm.
- d) 1.400 mm.

102. Os Estados signatarios do Acordo de Schengen que neguen a entrada a un viaxeiro dun terceiro país, poden impoñer algunha obrigación ao transportista en relación co devandito viaxeiro?

- a) Poden impoñerlle a obrigación de facerse cargo del e levalo ao terceiro Estado que houberse expedido o documento de viaxe.
- b) Soamente poden impoñerlle obrigacións no caso de que sexan viaxeiros procedentes do continente africano.
- c) Non se pode obrigar aos transportistas a nada nestes casos se o viaxeiro pagou o seu billete.
- d) Só pódense impoñer obrigacións no caso do transporte aéreo.

103. O condutor actúa, fronte ao risco que percibe na estrada...

- a) incrementando a atención á contorna.
- b) maximizando as posibles consecuencias dun accidente.
- c) minimizando as posibles consecuencias dun accidente.
- d) de acordo co risco que está disposto a asumir.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 10-01-2024 16:15 h
Lugar: Rúa de Madrid, 2

Examen: Viajeros Modelo B
Duración: 120 MINUTOS

97. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante la subida de una pendiente, el autobús:

- a) pierde potencia y reduce velocidad.
- b) gana potencia y aumenta velocidad.
- c) pierde potencia y aumenta velocidad.
- d) gana potencia y reduce velocidad.

98. Un conductor que conduce en una semana 52 horas, ¿cuántas horas puede conducir, como máximo, la semana siguiente, según la reglamentación social europea?

- a) 38 horas.
- b) 28 horas.
- c) 18 horas.
- d) 8 horas.

99. ¿Cuáles de las siguientes medidas de prevención de riesgos laborales son obligación del empresario?

- a) Utilizar las herramientas con precaución.
- b) Adoptar medidas de protección.
- c) Respetar los métodos de trabajo.
- d) Utilizar los equipos de protección.

100. ¿Cómo debe ser la base del asiento del conductor?

- a) Acorde con el peso de los brazos.
- b) No tendrá en cuenta la anchura de las caderas.
- c) Tendrá la anchura suficiente para acomodar los hombros.
- d) Conforme con la longitud de las piernas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Qué longitud debe tener la zona especial habilitada en un autobús para cada usuario de silla de ruedas?

- a) 1.100 mm.
- b) 1.200 mm.
- c) 1.300 mm.
- d) 1.400 mm.

102. Los Estados signatarios del Acuerdo de Schengen que nieguen la entrada a un viajero de un tercer país, ¿pueden imponer alguna obligación al transportista en relación con dicho viajero?

- a) Pueden imponerle la obligación de hacerse cargo de él y llevarlo al tercer Estado que hubiera expedido el documento de viaje.
- b) Solamente pueden imponerle obligaciones en el caso de que sean viajeros procedentes del continente africano.
- c) No se puede obligar a los transportistas a nada en estos casos si el viajero ha pagado su billete.
- d) Solo se pueden imponer obligaciones en el caso del transporte aéreo.

103. El conductor actúa, frente al riesgo que percibe en la carretera...

- a) incrementando la atención al entorno.
- b) maximizando las posibles consecuencias de un accidente.
- c) minimizando las posibles consecuencias de un accidente.
- d) de acuerdo con el riesgo que está dispuesto a asumir.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 10-01-2024 16:15 h
Lugar: Rúa de Madrid, 2
Examen: Viajeros Modelo B
Duración: 120 MINUTOS

89. Un motivo de posibles problemas de salud que está asociado a la actividad de transporte es:

